

CIRCULAR CURSO 2022/2023- Educación Infantil 3 anos

Prezadas familias,

Poñémonos en contacto con vós para darvos a benvida e informarvos sobre a Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as desta escola, a ANPA O TRISQUEL, e os servizos que xestionamos.

A ANPA xestiona os seguintes servizos: MADRUGADORES, COMEDOR, CAMBIADORES, CUSTODIA MEDIODÍA E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Ao igual que sucedeu neste curso, a nosa intención é que todos os socios que soliciten estes servizos poidan seguir dispoñendo deles. Se nalgún momento se dan problemas de aforo que obriguen a limitar o número de usuarios de ditos servizos, daráselle prioridade ás familias que acrediten o seu horario laboral na procura da conciliación laboral-familiar.

Para inscribirvos nos servizos anteriores, tedes que ser socios/as da ANPA e cubrir todos os impresos correspondentes (alta de socio/a e, no seu caso, autorización de recollida) do novo curso. Podedes descargarlos do blog <https://www.anpaotrisquel.es/>

Os beneficiarios das becas comedor tamén deben darse de alta coma socios da ANPA.

Madrugadores, Comedor, Cambiadores e Custodia mediodía

As inscricións nestes servizos prestados por ARUME realizaranse exclusivamente a través da súa aplicación COLECHEF (previa alta como socios/as da ANPA, ver apartado de “Alta de socio/a”). INFORMARASE A TRAVÉS DO BLOG DA ANPA CANDO ESTEA DISPOÑIBLE NA APLICACIÓN COLECHEF A INSCRICIÓN PARA O NOVO CURSO.

Aínda que os servizos de comedor e madrugadores comezarían o primeiro día do curso, aconséllase esperar ao mes de outubro ou ata que rematen as semanas de adaptación para apuntar ao neno/a a ditos servizos.

Madrugadores: de 7:30 a 9:00h, todos os días do curso (con ou sen almorzo).

Comedor: de 14:00h a 15:30/15:45h, todos os días do curso.

Cambiadores: No caso de que sexa preciso cambiar ao alumno, as profesoras contactarán directamente cunha persoa da empresa ARUME para xestionalo. O servizo está garantido desde setembro ata decembro. De xaneiro en diante o mínimo para que se manteña o servizo é de 10 usuarios/as. Este servizo ofrécese de 7:30 a 15:45h, non cubre o horario das actividades extraescolares.

Custodia mediodía: despois do comedor ata as 16:30h. (Tamén se precisa dun mínimo de 10 usuarios para dispor deste servizo).

Ver circular informativa de ARUME que adxuntamos a continuación.

Proximamente subiremos máis información no blog.

Cóxegas e actividades extraescolares

As inscricións realizaranse a comezos de setembro. Informarase a través do blog da ANPA.

Autorización de recollida

No caso de que os pais/nais ou titores/as non podan recoller aos seus fillos/as á saída do comedor ou das actividades extraescolares, entregárase a Autorización de recollida do alumno/a cuberta á ANPA. No caso das familias que se

atopen en situación de divorcio ou separación e teñan medidas adoptadas xudicialmente, rogamos que as aportedes xunto á autorización.

Alta de socio

Prazo para entregar a documentación á ANPA ata o día 6 de xullo e do 1 ao 6 de setembro para poder comezar nos servizos que xestiona a ANPA o primeiro día lectivo de setembro. Precisamos que respectedes estas datas límite para poder facilitar e axilizar o traballo da ANPA. Non se xestionarán inscricións recibidas fóra de prazo.

Os ingresos das cotas de socio faranse na conta da ANPA O TRISQUEL:

→ CAIXABANK: IBAN ES062100 21761802 00385325

→ CONCEPTO: Nome do alumno/a e motivo do ingreso.

Por favor, lembre incluír unha copia do xustificante do ingreso coa ficha da alta.

Pódese entregar todo por correo electrónico: anpa@anpaotrisquel.es ou na caixa do correo da ANPA.

Uniforme e Mandilóns

Na tenda EL UNIFORME, tedes dispoñibles as seguintes prendas do uniforme da escola:

- Mandilón
- Chándal de felpa
- Camiseta de deporte (con opción de manga curta ou longa)
- Pantalón gris (con cintura de goma ou con botón e cremalleira)
- Saia de cadros
- Polo (con opción de manga curta ou longa)
- Xersei, chaqueta ou suadoiro

Os grupos A e B saen a comezos de setembro e ata entón non se sabe a cor asignada a cada aula (cor coa que vai bordado o nome do alumno no mandilón).

Se vos interesa, podedes ir a velo ou probalo sen compromiso no seu local, que se atopa situado na rúa Pintor Joaquín Vaamonde, nº2 (entre a Praza de Vigo e a Rúa Juan Flórez) Tlf. 981 12 13 65

Horarios da ANPA

Horario de atención presencial da ANPA ata o día 22 de xuño: Mércores de 9:15h. a 10:15 h.

Luns de 17:30h. a 18:30 h. (baixo cita previa)

A partir do día 22 de xuño, podedes realizar as vosas consultas:

- de luns a venres, a través do correo electrónico: anpa@anpaotrisquel.es
- ou no teléfono 671 589 008 (Horario de atención telefónica: Luns e mércores de 10:00h. a 13:00h.)

Un saúdo,
A Xunta directiva